

Curso Cuadrimestral de Alemán SEMIPRESENCIAL 1º C (Sede Enxeñaría Campus) - 2019-2020

Información da convocatoria

Tipo	CURSO CUADRIMESTRAL DE ALEMÁN PARA ESTUDANTES DE ENXEÑARÍA E OUTROS INTERESADOS
Código	V19.XT.AL.A11.EN.CA
Nome	Curso Cuadrimestral de Alemán SEMIPRESENCIAL 1º C (Sede Enxeñaría Campus)
Curso académico	2019-2020
Nivel	A1.1
Modalidade	SEMIPRESENCIAL
Horas	55.00

Descrición

Curso de iniciación a lingua alemá de 55 horas de duración (25 presenciais e 30 traballo autónomo).

O obxectivo deste curso é preparar ao alumnado para que poida certificar o nivel de alemán **A1 do Marco Común Europeo de Referencia** (MCER) que o Centro de Linguas da Universidade de Vigo ofrece a finais do curso académico (maio). O curso subdivídese en dous módulos: A1.1 (setembro-décembro) e A1.2 (febreiro-maio). Cada módulo consta de 55 horas, que se distribúen en **sesións presenciais** (25 horas), e sesións de **traballo autónomo** do alumnado (30 horas).

As **sesións presenciais**, de dúas horas e media de duración, terán lugar unha vez á semana. Nelas, xunto ao profesorado, o alumnado traballará activamente a expresión oral e escrita. Pola contra, as sesións de **traballo autónomo** realizaránse a través da plataforma dixital do curso. Centraránse tanto no desenvolvemento da comprensión oral e escrita coma na realización de actividades que permitirán ao alumnado adquirir novas estruturas gramaticais e aprender novos vocábulos, que posteriormente empregarán nas sesións presenciais. Tanto nas sesións presenciais coma nas sesións de traballo autónomo, o profesorado realizará un **seguimento personalizado** da evolución do alumnado. Ademais, ofreceránselle a todo o alumnado sesións de **live coaching**, sesións individuais presenciais ou a través da plataforma dixital na procura de individualizar o procedemento de aprendizaxe.

Ao finalizar cada un dos módulos (A1.1 e A1.2), o alumnado recibirá un **certificado de asistencia** se realizou o traballo correspondente ao 85% das 55 horas de cada módulo, que inclúe tanto asistencia e participación nas sesións presenciais coma realización do traballo autónomo a través da plataforma dixital. Ademais, o curso inclúe o exame, que terá lugar no mes de maio no campus no que o alumnado estea asistindo ao curso. Se o alumnado aproba este exame oficial, recibirá o **certificado de acreditación de nivel A1**.

Información sobre o calendario (datas)

Período de matrícula	30/07/2019 - 22/09/2019
Período de docencia	27/09/2019 - 13/12/2019

Prazas e créditos

Número mínimo de participantes	12
Número máximo de participantes	20
Horas ECTS	55
Validación LE	0

Destinatarios

Este curso está dirixido a enxeñeiros, estudantes de enxeñaría e outros interesados que queiran iniciarse na aprendizaxe da lingua alemá.

Calendario

Venres de 13.00 a 15.30 horas (**Aula a determinar**)

Comezo das clases: 27 de setembro

Programa

Alemán A1.1

-Presentacións: presentarse a sí mesmo e a outros, indicar a procedencia, preguntar como se deletrea algo e deletrear un nome, preguntar polo estado de ánimo dos demais e informar do noso, saudar e despedirse.

-Datos persoais: preguntar e informar da profesión, o lugar de residencia, a idade e o estado civil, cubrir unha ficha cos datos persoais, comprender unha tarxeta de visita, escribir un breve texto de presentación, contar do 1 ó 100, facer suposicións.

-A familia: indicar as relacións de parentesco, presentar a un familiar ou amigo, preguntar e indicar as linguas que se falan, comprender un texto sobre un persoa famoso, entender textos de presentación de varias persoas.

-Mobles: identificar mobles e valoralos, comprender diálogos sencillos sobre a compra dun moble, preguntar polo prezo, comprender números de 100 a un millón, comprender a descrición dun moble, describir un moble nunha mensaxe electrónica e preguntar ó destinatario pola súa opinión.

-Obxectos habituais: identificar obxectos de uso habitual, comprender prospectos coa descrición dun produto, escribir a descrición dun produto, cubrir un formulario de compra online, preguntar cómo se escribe unha palabra, pedir que se repita algo, dar as grazas.

-Na oficina: identificar obxectos do equipamento dunha oficina, comprender correos electrónicos e conversacións telefónicas breves no traballo, preguntar polo número ou cantidade de algo, indicar se se posúe algo concreto ou non, saudar, identificarse e despedirse ó teléfono.

-Aficións e habilidades: falar das aficións e actividades do tempo libre, facer un cumprimento, expresar habilidade e capacidade, dicir o que nos gusta facer e preguntar polos gustos e preferencias dos demais, preguntar pola frecuencia coa que se fai algo, comprender textos breves sobre as aficións de varios mozos.

-Plans e citas: propor unha cita e aceptala ou rexeitala, falar dos plans para os próximos días, comprender a xente falando dos plans para o venres pola noite, preguntar e dicir a hora e o día, indicar o día e a parte do día favoritos, escribir un SMS, comprender un blog sobre os plans de ocio para os próximos días.

-A comida: falar dos gustos e hábitos alimenticios, dicir cal é o noso prato favorito, comprender un diálogo nun restaurante, ler o menú e pedir no restaurante, coñecer algúns pratos típicos, escribir un menú e invitar a alguén a comer á casa, aceptar ou rexeitar unha invitación, coñecer algúns locais de hostalaría en Alemaña.

-O transporte: preguntar polo medio de transporte para ir a casa, pedir e comprender información referida a un tren, comprender anuncios por megafonía na estación de trens.

-O día a día: comprender a axenda do día dunha persoa, comprender mails sobre o que se fixo hoxe e no día anterior, contar o noso día a día, informar do que fixemos onte ou na fin de semana, dar indicacións temporais.

-Festas e eventos: comprender textos breves sobre festas e eventos en Alemaña e sobre as experiencias de mozos nesas festas, falar sobre festas ou eventos que nos gustaría visitar, escribir un texto breve sobre unha festividade do lugar de procedencia, comprender un blog sobre viaxes, indicar o ano e as estacións do ano.

Libro de texto: Na primeira clase o profesorado indicará o título do libro.

A través da **plataforma dixital**, o Centro de Linguas proporcionará ao alumnado materiais (actividades, infografías, vídeos explicativos, etc.) que lle permitirán traballar diversos aspectos lingüísticos. Ademais, o alumnado deberá facerse co **manual** do curso, que se empregará en ambos os dous

módulos nas sesións presenciais e, como material de apoio, nas horas de traballo autónomo, ao longo de todo o curso académico.

Forma de pago

Tarifas

Comunidade Universitaria	215.00 €
Público en xeral	260.00 €

Este curso require un pagamento inicial dunha cota de preinscrición de 15.00 € que se descontará do importe total da matrícula.

Formas de pago

Transferencia bancaria
Tarxeta bancaria
Emisora X011668 Ingreso efectivo (Banco Santander)

Impartido en

Campus de Vigo - Escola de Enxeñaría Industrial- Sede Campus -

Cómo matricularse

Entra en <http://centrodelinguas.fundacionuvigo.es>

Alí encontrarás toda a oferta de cursos e as indicacións para realizar a túa matrícula. Aquí che indicamos un pequeno resumo:

1. Na pantalla de inicio:

- Se realizaches o teu rexistro en Bubela durante os anos 2012 e 2013, xa estás rexistrado no programa. No campo central "Recuperar contrasinal", introduce o teu DNI.
- No caso contrario, pulsa "Rexistrase" e introduce os teus datos persoais.

EN AMBOS CASOS RECIBIRÁS UN CORREO ELECTRÓNICO CO TEU CONTRASINAL.

2. Facer a preinscrición online seguindo os pasos que se indican.

3. Pagar o importe do curso, para o que tés tres posibilidades:

a) Pago con tarxeta

b) Transferencia no **Banco Santander**:

Número de conta: 0049 614198 2510007984
Código Swift: BSCHEMXX
IBAN: ES86 0049 6141 9825 1000 7984

Debes indicar o teu nome e o nome do curso no que te matriculas

c) Ingreso en efectivo no **Banco Santander**:

Neste caso debes indicar estes datos:

Emisora: X011668

Importe do curso

Nome do alumno e nome do curso no que te matriculas

4. Todo o proceso de matrícula podes facelo a través do programa do centro de linguas.

5. A matrícula confírmase a través dunha mensaxe de correo electrónico.

Condições de acceso

Nivel A1.1: non é necesario realizar proba de nivel, acceso directo.

Devolución

Para a devolución de matrícula séguense os seguintes criterios:

1. Só procederá a devolución do importe íntegro da matrícula, incluída a cota de preinscrición, cando, por causas non imputables aos usuarios, non se realice a actividade.
 2. No caso de que o alumno/a non supere a proba de nivel do curso para o que se matriculou, e non realice outro curso, non procederá a devolución da cota de preinscrición.
 3. Non obstante o declarado no punto anterior, o Centro pode devolver o importe en casos especiais que considere xustificadas, sempre que se solicite por escrito ao Centro de Linguas, a lo menos **tres días antes da data de inicio dos cursos**. Cando se considere xustificada a devolución, o Centro reterá **15 euros** en concepto de gastos de xestión.
4. Considérase que procede a devolución nos casos seguintes, sempre que os mesmos se produzan coa antelación especificada no punto anterior e se xustifiquen debidamente:
- Cando se produza a sinatura dun contrato laboral que implique incompatibilidade horaria co curso matriculado, sempre que non resulte posible a adscrición a outro curso similar. Debe achegarse copia do contrato de traballo.
 - Por causa de accidente ou enfermidade que imposibilite seguir con regularidade o desenvolvemento do curso. Debe aportarse xustificante médico.
5. En ningún caso devolveráse o importe da matrícula unha vez iniciadas as clases.